

## Encarna Sant-Celoni i Verger

Averno e edén

Antes da última comida, decidín deixarme de lerias e afrontar o que eu son, malia non ter vomitado ningún bocado dende que o meu derradeiro e postremo amor me descubrise a ledicia de abrir cos beizos as rubicundas carnes dun mixilón (*Mytilus edulis*) –tamén dito “mexillón” noutros lugares–, e me aprendese a convivir coa comida doutro xeito, pasando de lambona compulsiva a sibarita impenitente, Confésoo, eu son bulímica e a bulimia é un estado imperfectivo: unha vez que xa a gustaches, corres sempre o perigo de volver caer nela. Son bulímica como outros son e serán alcohólicos, drogadictos, fumadores ou sexofilos.

O principio dos bens e dos danos tivo lugar ao remate dunha inexistente adolescencia. Coñecía o sexo en solitario, si, pero non sabía que era o amor, e o primeiro amor estivo a piques de matarme de inanición. Aínda que eu non era ningunha fartureta, empecei a comer para matar a fame das tripas, cando o que en realidade quería era botala do corazón, tentar de encher o baleiro que, como un pozo sen fondo, pedíame saciar o insaciábel –algo tan imposíbel como pretender enchoupar o deserto a base de bágoas–: prefería máis morrer de fartura que non de fame.

Ao cabo de seis meses, o meu esqueleto soportaba trinta quilos de mais e, con tanta humanidade sobrante, o meu soño era que unha tenia solitaria se apoderase de min para poder ser un enchedoiro sen engordar. Á falta de tenia, intelixencia.

Lembro á perfección o ritual de descenso ao averno: erguerse da mesa abaneando pola excesiva inxestión de bocados e de grolos e ir literalmente de cabeza ao servizo. Pechar a porta –mesmo sabendo que estás soa– botar o pasador e abrir a billa para amortecer, co son da auga, o ruído ronco e espasmódico dos arquexos; poñerte de xeonllos diante da latrina, como para facerte perdoar por un deus mudo e xordo e, poñéndote o furabolos e o corazón até provocar ais na epiglotes, presentarlle a ofrenda cotiá. Inda sentes agora como petan na porta con insistencia e as voces que che din a berros que saias dunha vez.

Chegou un momento no que o paraíso non compensaba o inferno da baleirada e tiven que mudar as regras do xogo para poder entrar ao edén de cando en vez sen sufrir os inconvenientes eses, sobre todo o feito de que a erosión producida polas constantes secrecións gástricas do estómago, para dixerir aquilo que agora era agora non era, roese os dentes moito mais de presa, e así, durante dez anos, o sexo chegou a ser o sucedáneo do amor e viceversa... Até que a coñecín e aprendín a transformar a larpeirada en sensualidade, como examinar polo miúdo a nervadura de cada folla de cada pola en vez da teima de contemplar a fraga enteira cunha ollada.

Ben, teño encargado un menú especial para catro na empresa de catering máis exquisita de Valencia, deben estar a piques de pechar e gustárame deixalo todo listo para ter o honor de engulir como é preciso tan bo manxar.

Deixo dito, cunha total capacidade mental e legal, que, caso de que me atopen con vida, non me limpen o estómago nin me reanimen de xeito ningún. Despois de tantos anos sen recaídas malia a saudade, quero morrer como non vivín: absolutamente e textualmente farta. Así, cando chegue á fin, voverei a ser quen era en homenaxe a el: lambona turrei del e lambona quero morrer.

E como colofón, un fragmento da rareza gastronómica que me mudou a vida : a mellor maneira, teño para min, de degustar uns mixilóns ao vapor.

O segredo para que o mixilón estea ao punto e non pareza una anaco de goma sen gusto é deixar que non coza moito, o vapor xusto ten que aloumiñalo de vagar, unha e outra vez, até que o músculo abductor se escorde, se afrouxe da valva e se entreabra amosando, orgulloso, unha suculenta polpa central de cor rosado case transparente que se inza, abondo, e se engruñe ao mesmo momento deixando ao descuberto os repregamentos internos e un botonciño negro precedido dunha barbadela filamentosa. Entón, cunha man, hai que coller a

cuncha chea e, pola parte alombada, chuchar os zumes sen vergonza; logo, coa outra man hai que agarralo facendo pinza polos peliños até liberalo do músculo de marfil, metelo na boca e suxeitándoo con firmeza cos dentes incisivos, estarricalo con lixeireza, sen ferilo aínda. E, por fin, lambelo, remexendo coa lingua no seu interior cheo de zume para degustar as súas texturas e a diferente consistencia antes de mastigala, e engulir as súas partes.

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz.

Avern i edén

Abans de l'últim àpat, he decidit deixar-me de romanços i enfrontar-me amb el que sóc, malgrat no haver perbocat cap mos d'ençà que el meu darrer i postrem amor em descobrís la delícia d'obrir amb els llavis les rubicundes carns d'una clòtxina (*Mytilus edulis*) –també dita 'musclo' en altres indrets–, i m'ensenyàs a conviure amb el menjar d'una altra manera, passant de gormanda compulsiva a sibarita impenitent. Ho confesse, sóc bulímica, i la bulímia és un estat imperfectiu: una vegada l'has tastada, corres per sempre el perill de tornar a caure-hi. Sóc bulímica com d'altres són i seran alcohòlics, drogoaddictes, fumadors o sexòfils.

L'inici dels béns i dels mals va tenir lloc al final d'una inexistent adolescència. Coneixia el sexe en solitari, sí, però no sabia què era l'amor, i el primer amor va estar a punt de matar-me d'inanició. Encara que no era cap fartanera, vaig començar a menjar per traure el ventre de pena, quan el que en realitat volia era traure'n el cor, mirar d'omplir la buidor que, com un pou sense fons, em demanava sadollar l'insadollable –quelcom tan impossible com pretendre amarar el desert a còpia de llàgrimes–: m'estimava més morir de fartera que no de fam.

Al cap de sis mesos, l'esquelet suportava trenta quilos de més i, amb tanta humanitat sobrera, el meu somni era que una tènica solitària em fes seua per poder golafrejar sense engreixar-me. A falta de tènica, intel·ligència.

Recorde a la perfecció el ritual de descens a l'avèrn: alçar-te de taula trontollejant per l'excessiva ingestió de mossades i glops, i anar-te'n literalment de cap al vàter. Tancar la porta –tot i saber-te a soles–, passar el pastell i obrir l'aixeta per esmorteir, amb el soroll de l'aigua, la roncor espasmòdica de les arcades; agenollar-te davant de la tassa, com per fer-te perdonar per un déu mut i sord i, ficant-te l'índex i el mitger fins a provocar ois a l'epiglotis, presentar-li l'ofrena quotidiana. Encara ara sents els trucs insistents a la porta i les veus que et diuen a crits que isques d'una vegada.

Va arribar un moment en què el paradís no compensava l'infern de la buidarada i vaig haver de canviar les regles del joc per poder entrar a l'edén de tant en tant sense patir-ne els inconvenients, sobretot el fet que l'erosió produïda per les constants secrecions gàstriques de l'estómac, per pair allò que ara era ara no era, corcàs les dents molt més de pressa, i així, durant deu anys, el sexe esdevingué succedani del succedani de l'amor, i viceversa... Fins que la vaig conèixer i vaig aprendre a transformar la golosia en sensualitat, com examinar detingudament la nervadura de cada fulla de cada branca en comptes d'entestar-te a contemplar el bosc sencer amb una ullada...

Bé, he encomanat un menú especial per a quatre a l'empresa de catering més exquisida de València, deuen estar a punt d'aplegar i m'agradaria deixar-ho tot enllestit per tenir l'honor de devorar com cal tan bona menja.

Deixe dit, amb plena capacitat mental i legal, que, posat cas que em troben amb vida, no em netegen l'estómac ni em reanimen de cap manera. Després de tants anys sense recaigudes malgrat l'enyor, vull morir com no he viscut: absolutament i textualment farta. Així, arribada la fi, tornaré a ser qui era en homenatge a ella: golafre la vaig atraure i golafre vull morir.

I, com a colofó, un fragment de la raresa gastronòmica que em va canviar la vida: la millor manera, al meu parer, de degustar unes clòtxines al vapor.

El secret perquè la clòtxina estiga al punt i no sembla un tros de goma dessaborit és no deixar que coga massa, el vapor tot just ha d'acaronar-la lentament, una i una altra vegada, fins que

distenga el múscul abductor, s'amolle de la valva i s'entreòbriga mostrant, ufana, una suculenta polpa central de color carni quasitransparent que s'unfla, uberosa, i s'arrupeix al moment mateix deixant al descobert els replecs interns i un botonet negre precedit d'una barbata filamentosa. Aleshores, amb una mà, s'ha d'agafar la closca plena i, per la part arrodonida, xuclar-hi els sucs sense vergonya; tot seguit, amb l'altra mà, se l'ha de pinçar pels pelets fins a lliurar-la del múscul de vori, ficar-se-la a la boca i, subjectant-la fermament amb les dents incisives, fer-hi una lleugera estiregassada, sense ferir-la encara. I, per fi, llepar-la, furgant-ne el sucós interior amb la llengua per paladejar-ne les textures i la diferent consistència abans de mastegar-la, i engolir-ne les parts.